



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



MEMORIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E A CENTRAL SINDICAL INDEPENDENTE E DE FUNCIONARIOS DE GALICIA.

Segundo establece a Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública (en diante AGASP), este centro é un organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería competente en materia de interior e xustiza. Entre outros fins, a AGASP ten encomendada a función de organizar e impartir os cursos de formación continua, perfeccionamento e especialización dos membros dos corpos da Policía Local e Bombeiros, segundo establece o artigo 3 da referida Lei, que tamén prevé no seu artigo 5.2 a función de promover relacións de intercambio e colaboración, coas universidades e institución de Galicia.

Así mesmo, e segundo o previsto no artigo 4 da Lei 1/2007 da Academia Galega de Seguridade Pública, correspóndelle tamén á AGASP, no ámbito da formación de protección civil, bombeiros e axentes forestais, as seguintes funcións:

- Elaborar os programas formativos e impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos aos integrantes dos servizos de protección civil e aos membros dos corpos de bombeiros das entidades locais coas que se formalice o correspondente convenio de colaboración.
- Impartir os cursos dirixidos aos axentes forestais.
- Colaborar coas entidades locais na selección e formación continua do persoal integrante dos corpos de bombeiros e de protección civil.
- Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de bombeiros e protección civil, establecéndose os convenios oportunos.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



Neste senso, e conforme ao disposto no artigo 5 da Lei 1/2007 da Academia Galega de Seguridade Pública, nas materias que lle son propias a AGASP poderá promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional.

Que conforme ao artigo 4 dos seus estatutos, a Central Sindical Independente e de Funcionarios de Galicia (en diante, CSI-F GALICIA), ten como finalidade promover a formación no ámbito profesional e sindical mediante cursos, seminarios, xornadas e outras actividades.

Dada a existencia de colectivos común, aos que se dirixen algunhas das accións formativas de ámbalas dúas institucións asinantes, cómpre ter en conta o principio de eficacia que debe presidir a actuación administrativa e que impón aos responsables políticos a optimización dos recursos, de tal xeito que permita acadar os obxectivos sinalados co menor custo posible, evitando ademais o solapamento de iniciativas e accións semellantes.

Tendo en conta as anteriores consideracións, ámbalas dúas partes, coincidindo en que a formación dos funcionarios dos Corpos de policía Local, membros das Forzas e Corpos de Seguridade Pública con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, persoal integrante dos servizos de protección civil e membros dos corpos de bombeiros das entidades locais e axentes forestais é de común interese, presentan como obxectivo do acordo a mutua colaboración para organizar e impartir diferentes cursos ou xornadas de actualización e especialización dirixidos ao dito persoal.

Estes cursos versarán sobre temas que sexan de interese profesional para os funcionarios dos Corpos de Policía Local, membros das Forzas e Corpos de Seguridade Pública Cidadá con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, persoal integrante dos servizos de protección civil e membros dos corpos de bombeiros das entidades locais e axentes forestais que supoñan unha mellora ou actualización para o desempeño das súas funcións, ou, en todo caso, que permitan unha reciclaxe necesaria para acadar máis eficiencia no seu traballo. Poderán estar incluídos no plano anual da AGASP, como no plano anual de formación do CSI-F GALICIA, ou tamén ser acordado de xeito común cando así o aconsellen ou permitan as dispoñibilidades organizativas e presupostarías de cada institución asinante.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



Deste xeito a AGASP pretende acercar a formación aos centros de traballo e de residencia dos solicitantes daquelas accións formativas que, tanto polos seus contidos como pola súa carga lectiva e horaria, non precisen necesariamente das instalacións e infraestruturas docentes da propia AGASP, podendo desenvolverse fóra da súa sede con igual ou semellante eficacia.

Así, en base o anteriormente mencionado e tendo en conta o esixido polo apartado segundo do artigo 11 da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, non é posible promover a concorrência pública polas especiais características das actividades a desenvolver.

Non obstante, ao efecto de proceder a sinatura do correspondente convenio de colaboración, e con carácter previo solicítase informe da Asesoría Xurídica segundo o disposto na Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

A Estrada, 18 de xullo de 2016

O secretario xeral da AGASP

Ramón Quiroga Limia

